

PARADA E RECOMENZO: A PANDEMIA E A ECONOMÍA

XOSÉ CARLOS ARIAS
DIRECTOR DO PROXECTO 2040 DO FORO ECONÓMICO DE
GALICIA. CATEDRÁTICO DE POLÍTICA ECONÓMICA

O fenómeno absolutamente excepcional da pandemia trouxo consigo unha ruptura da actividade económica tamén sen precedentes. Por iso, os datos do primeiro semestre de 2020 foron catastróficos, con retrocesos moi grandes nas variables fundamentais, como o PIB, o volume do comercio mundial ou, noutro terreo, os índices bursátiles.

A caída da actividade produtiva derivada da pandemia foi, ademais de brutal, sincronizada e súbita: un shock ao mesmo tempo de oferta e de demanda, que provocou afundimentos que nalgúns países e momentos superaron o 20 % do total. Mentres tanto, durante os meses do confinamento estrito os mercados financeiros sufriron un colapso (por exemplo, o índice S&P 500 caeu máis dun 30 % entre mediados de febreiro e mediados de marzo).

“SE HAI UN
MOMENTO PARA
QUE FUNCIONEN
OS PROCESOS DA
CHAMADA
DESTRUCCIÓN
CREATIVA É
PRECISAMENTE
ESTE ”

Convén recordar, con todo, que antes da pandemia a economía vivía unha nunha estrana nova normalidade: aínda

que os niveis de PIB facía xa anos que se tiñan recuperado, moitas economías estaban lonxe de acadar a finais de 2019 as cotas de forza e estabilidade que, segundo supoñíase, tiveran antes da crise financeira e económica de 2008. O demostra que algunhas políticas extraordinarias dos anos anteriores –como os estímulo monetarios a gran escala- seguían estando vixentes.

A partir do colapso inicial provocado polo confinamento, os ritmos da evolución da economía no conxunto do mundo desenvolvido seguiron moi fielmente os pasos marcados pola crise sanitaria: intensa recuperación no terceiro trimestre de 2020 (por exemplo, en España o crecemento foi do 16,7 %, centrado sobre todo na actividade manufacturera) e unha posterior recaída, con perspectivas moi fortes de reactivación a medida que a vacinación foi avanzando dunha forma

consistente, xa ao longo de 2021. Os pronósticos a partir de aí tenderon a mellorar dunha forma notable, esperándose agora que a reactivación xeral sexa máis forte do inicialmente imaxinado. Todo, en calquera caso, vén marcado por unha contorna moi incerta, na que se fan difíciles os cálculos racionais (de feito, estas son circunstancias propicias para o uso do concepto de incerteza radical).

“OS GOBERNOS DO MUNDO INDUSTRIALIZADO COMPORTÁRONSE DUNHA MANEIRA MOI PROACTIVA NA REACCIÓN FRONTE Á CRISE”

Esta última cuestión é de gran importancia, e lévanos a introducir unha pregunta crucial: máis aló do estrito curto prazo, cal será o legado económico da Covid 19? Deixará un ronsel de problemas económicos e sociais? Ou máis ben representa unha gran oportunidade para avanzar nunha liña de cambio que en todo caso, con pandemia ou sen ela, sería necesario transitar? Hai tres ámbitos concretos –fondamente vencellados entre sí– nos que a pandemia probablemente deixe un impacto que vaia moito máis alá do curto prazo; é dicir, que se estenda no horizonte de 2030 ou mesmo ata máis lonxe: a importancia do contexto de incerteza, que se acaba de mencionar; a aprendizaxe nas políticas públicas, que agora foron moi diferentes ás que seguiron á crise de 2008; e a aceleración dalgunhas importantísimas transformacións estruturais

que estaban xa en marcha. Nos parágrafos seguintes centraremos nos dous últimos e importantes puntos, nos que a pandemia móstranos como un notable catalizador de cambios potencialmente moi disruptivos.

AS DÚAS CARAS DA CRISE SANITARIA

Antes de entrar neses asuntos comprefacer unha consideración de tipo xeral: se hai un momento para que funcionen con toda a súa forza os procesos da chamada destrución creativa é precisamente este que agora estamos a vivir. I é que as dúas caras da crise sanitaria –parada e recomezo, shock e recuperación– trouxeron consigo dosis importantes de destrución de tecido económico – en términos, por exemplo, de mortandade de empresas e liñas de actividade-, pero outras están comenzando a despuntar, nun contexto de oportunidades novas de negocio, que nun bó número de casos serán diferentes dos desaparecidos.

Un dos feitos mais notabeis, e dos que probablemente quedarán consecuencias perdurabeis por un longo tempo, tivo como protagonistas ás políticas públicas. Na reacción fronte á crise os gobernos de boa parte do mundo industrializado comportáronse dunha maneira moi proactiva, alonxándose do ocorrido nos anos da Gran Recesión, cando, particularmente en Europa, a resposta dos poderes públicos non somente non cortou a espiral contractiva, senón que deixou lastres para o crecemento no longo prazo (é o fenómeno coñecido como histéresis, xa moi ben estudado).

Agora a lección semellou estar ben aprendida. No ámbito das políticas macroeconómicas o cambio foi notorio. Sobre todo con respecto ás políticas fiscais, onde os poderes públicos lanzaron enormes programas de gasto, principalmente dirixidos ó sostén de rendas (utilizando en ocasións algúns mecanismos innovadores, como o dos ERTE en España). A súa entrada en vigor foi un feito crucial para evitar un derrumbamento económico xeralizado, pero obviamente deixará algún efectos secundarios perturbadores, en termos de acusados desequilibrios fiscais dos que non será doado sair (no caso de España, un nivel de débeda pública non acadado nos últimos 140 anos).

No caso das políticas monetarias o cambio é menor, pois este tipo de intervención pública xa mudara dunha maneira acusada nos anos precedentes: políticas de taxas de interés moi baixos, cero ou mesmo negativas; compras masivas de activos; multiplicación do balance dos bancos centrais. En todo caso, na actuación destes últimos organismos agora traspasáronse mais decididamente as velas barreiras da ortodoxia: a idea de que a política monetaria debe servir exclusivamente para frear a inflación semella quedar atrás, alomenos por un longo período.

Pero os cambios de dirección dos criterios da intervención pública van moito mais alá das políticas macroeconómicas mais ou menos convencionais.

Hai varias novidades salientabeis: a primeira e principal é a nova relevancia acadada polas políticas industriais. A pandemia rompeu algunhas con-

dicións fundamentais dos sistemas industriais, o que obrigou a cambiar o paso. As principais son a ruptura das cadeas globais de valor e a reaparición con forza do concepto de sectores estratéxicos, os cales, acéptase agora, deben ser defendidos por razóns de índole superior, como a de garantir os suministros básicos en tempos de dificultade.

A MELLOR POLÍTICA INDUSTRIAL

Nesas circunstancias, argumentos como o do Estado emprendedor (que coloca os espazos da decisión pública no centro do escenario no impulso dos sectores mais dinámicos como os de alta tecnoloxía ou o farmacéutico) saíron moi reforzados.

Neste punto merece salientarse o exemplo das vacunas: os seus procesos científicos e industriais, con gran presenza do investimento público, teñen moi poucos precedentes en canto á eficacia e rapidez dos resultados obtidos. En todo caso, o dogma, mais ben simplón, de que “a mellor política industrial é a que non existe”, tan presente durante as últimas décadas, semella agora ter desaparecido. É esta unha manifestación moi destacada da idea do Gran Goberno que probablemente estase debuxando con

“**IMPORTANTE ACORDO, PRIMEIRO DO G-7 E LOGO DO G-20, PARA FIXAR UN MÍNIMO COMÚN Ó IMPOSTO DE SOCIEDADES**”

forza de cara ó futuro: e dicir, o retorno do Estado como xogador económico central.

Si na historia do capitalismo téñense alternado as fases de predominio do *laissez faire* coas da *man visible* dos Estados, todo indica que agora imos cara a un claro viraxe a favor da segunda opción.

No ámbito internacional as políticas económicas presentan varias novidades de interés, pero se hai que escoller unha delas, sen dúbida sería o acordo, primeiro do G-7 e logo do G-20, de fixar un mínimo común ó imposto de sociedades nos diferentes países, así como a obriga das compañías transnacionais de tributar alí onde xeren os seus beneficios. Este acordo, aínda que no fondo sexa bastante modesto, na práctica supón un cambio moi salientable, pois supón romper co mecanismo perverso da “competencia fiscal á baixa”, un dos sesgos mais perversos da moderna globalización financeira.

Pola súa parte, en Europa, ademais da entrada en vigor dos grandes programas de investimento dos que falaremos mais adiante, a gran nova foi a emisión de débeda común por primeira vez. Sen ser aínda os famosos e desexados eurobonos, o certo é que supón un paso moi importante cara a unha federalización real da UE.

A segunda gran cuestión relativa ós efectos económicos da pandemia, neste caso decididamente plantexada cunha perspectiva de longo prazo, é o das transformacións estruturais que se foron xestando, e nalgúns casos avanzando paseniñamente, nos anos anteriores á crise sanitaria, e que esta última intensifi-

cou no seu carácter disruptivo. Falamos dalgunhas tendencias moi profundas, que anuncian cambios significativos no vixente contrato social. As dúas liñas de transformación mais importantes conforman a xa famosa dobre transición cara á dixitalización extensiva e unha loita contra o cambio climático. Inmediatamente volveremos a tratalas.

FACIANAS DE GRAN TRASCENDENCIA

Pero os procesos de cambio en marcha non se cinguen a eso, senón que presentan outras facianas de gran trascendencia. Cabe sinalar catro aspectos fundamentais deses cambios potencialmente moi disruptivos; todos os cales deron un salto, e mudaron na sua escala, coa aparición da crise sanitaria: a primeira son as dúbidas crecentes sobre o futuro do que coñecemos como globalización contemporánea (aínda que hai que matizar inmediatamente que isto refírese sobre todo ós aspectos comerciais, e non tanto ós fluxos financeiros). As medidas proteccionistas téñense duplicado en todo o mundo nos últimos dez anos e o multilateralismo comercial retrocedeu dun xeito acusado. Na pandemia, obviamente, todo eso se veu intensificado, pero, ademais, apareceu un escenario inqueda de en-

“ADEMAIS DAS RUPTURAS DE CARÁCTER ECONÓMICO, HAI OUTRA CRUCIAL: A PRESENZA DUN EXTENSO MALESTAR CIDADÁN”

frentamento xeopolítico entre China e os Estados Unidos, centrado na procura da superioridade tecnolóxica, que semella proxectarse con forza cara ó futuro.

O segundo cambio de fondo é a dinámica de aceleración crecente na actividade económica, presente sobre todo nos mercados financeiros, que operan cada vez mais en microsegundos. O terceiro, a tendencia cara ó estancamento económico, debido a unha diversidade de causas (a demografía adversa, a baixa produtividade ou, sobre todo, o lastre que para o crecemento supón a enorme bolsa de débeda global, que por certo, acadou durante estes meses un rexistro histórico: o 360 % do PIB mundial). Estas tendencias ó estancamento poideran concretarse sobre todo en Europa.

Pero ademais destas rupturas de carácter estrictamente económico, hai outra crucial para a estabilidade política e social: a presenza dun extenso malestar cidadán, que tódalas enquisas de opinión detectan inmediatamente; por exemplo, unha moi recente de Pew Research (abril de 2021) observaba unha insatisfacción profunda con respecto ó funcionamento do sistema económico dunha maioría da poboación de catro países (Alemania, Reino Unido, Estados Unidos e Francia, neste último caso dun xeito moi marcado). Ese profundo e cada vez mais visible malestar é o que produce o fenómeno de rebelión con-

tra ás élites cada vez mais extendido, o cal en último termo téñen notabéis efectos sobre a definición das políticas e a propia marcha das economías.

Estes catro procesos de cambio pódense ver como o complexo trasfondo no que se está dispoñendo a dobre transición, que constitúe o núcleo da metamorfose dos sistemas productivos en marcha. Esa condición de complexidade concrétese en que cada unha desas tendencias incide, dunha maneira difícil de preveer, sobre o resto. No seu conxunto veñen enmarcadas por un cambio ideolóxico e doctrinal cada vez apreciable, tanto nos ámbitos académicos como, sobre todo, nos mais próximos á decisión política: calquera que siga con atención a evolución das ideas económicas dárase conta de que algunhas delas teñen mudado moito nos últimos anos (de novo, mais perceptiblemente desde a pandemia).

Estanse abrindo múltiples conversacións públicas –durante varias décadas moi pechadas– sobre cuestións tan importantes como son o activismo das políticas fiscais, a sostenibilidade da débeda ou o papel que deben xogar os bancos centrais. E mais alá deso, e dunha maneira mais profunda, xurden tamén novas ideas e debates sobre a natureza do propio sistema capitalista e os seus principais rasgos: sobre o propósito da empresa (cunha afirmación crecente do

“NO CASO DA UE
OS PROGRAMAS DA
NEXTGENEU,
COS SEUS 750.000
MILLÓS DE
EUROS DE
INVESTIMENTO,
SUPOÑEN UN FITO
HISTÓRICO”

“stakeholder capitalism” fronte ó “shareholder capitalism”), a importancia de tomarse en serio a desigualdade ou o xa comentado papel económico dos Estados. Respeito de todo elo, é importante sinalar que o panorama do pensamento económico é agora moito mais diverso e aberto a unha renovación que hai uns anos, pero sen que se teña consolidado, en absoluto, un novo paradigma de ideas.

UNHA ECONOMÍA MAIS AMIGABLE CO MEDIO AMBIENTE

Mais, como dicíamos, a verdadeira chave da transformación productiva da próxima década está na dobre transición cara a unha economía mais amigable co medio ambiente e altamente dixitalizada.

Trátase de cambios en gran medida inevitables, pois a revolución dos datos ou a intelixencia artificial, por exemplo, é algo seguro, que seguirá impoñéndose, independentemente da nosa vontade. E en canto ós procesos de descarbonización, poderían demorarse (de feito, xa acumulan un excesivo atraso), pero sabemos ben que o seu custo sería inasumible (en termos de dano para a vida, pero tamén no económico: segundo algúns informes, a inacción podería levarse por diante máis do 25 % do PIB mundial).

Non é estrano, por tanto, que os poderes públicos dos principais países teñan por fin aceptado esa realidade, actuando en consecuencia. Os colosais programas de investimento lanzados no último bienio respontan a ese impulso. No caso da UE os programas da NextGenEU,

cos seus 750.000 millóns de euros de investimento, supoñen un fito histórico, e de seren ben orientados, a natureza da economía e o emprego no continente mudarán acusadamente nos próximos anos.

En Estados Unidos, pola súa banda, o esforzo inversor está sendo aínda maior (case dos billóns de dólares), o que xustifica a expresión de Novo New Deal que estase a aplicara a aquela política.

Todo este contexto de cambio incorpora problemas e riscos extraordinarios. A posibilidade dun impacto moi forte sobre o emprego é significativa (aínda que haxa grandes disparidades nos cálculos dos expertos); pero parece seguro que unha parte importante dos actuais postos de traballo mudarán no espazo de só dez anos. O mesmo tempo, a dixitalización masiva crea problemas de monopolo, concentración de poder ou apropiación (dunha parte da nosa riqueza, que son os nosos datos). Pero tamén orixina oportunidades extraordinarias: por exemplo, e de modo moi destacado, para loitar contra a tendencia de fondo ó estancamento da que temos falado.

En todo caso, semella unha estupenda nova que a necesidade de lanzar grandes programas para relanzar a economía, despois da forte contracción sufrida, sexa aproveitado nun sentido estratéxico, de metamorfose productiva a gran escala. Necesidade e virtude pódense dispoñer neste caso nunha mais que interesante dirección transformadora. Incerteza, perigo e oportunidade: esas son as palabras clave para afrontar esta paisaxe económica tan complexa e tan extraña na que estamos a nos adentrar.

